



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 20/10/2015 10:43:23

AE/cm
Asunto: 953/15

SAÍDA 22964 / RX 1392612



Visto o escrito presentado por D. José Antonio Gómez Serramito, na súa condición de representante legal da entidade “**SANEA CONTROL, S.L.**”, con domicilio social no Avenida da Mahía, 106 baixo (15220 Bertamiráns-Ames-A Coruña), por medio do que solicitaba autorización como entidade de formación de persoal non médico para o manexo de desfibriladores externos, e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Primeiro.- A entidade interesada, “**SANEA CONTROL, S.L.**” a través do seu representante legal, presentou solicitude de autorización como entidade de formación de persoal non médico para o manexo de desfibriladores externos, achegando a documentación xustificativa esixida no artigo 6.2 do Decreto 99/2005, do 21 de abril, polo que se regula a formación e o uso de desfibriladores externos por persoal non médico.

Segundo.- Recibida a solicitude, coa documentación acompañada, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade solicitou informe da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, de conformidade co previsto no artigo 7.1 do Decreto 99/2005 antes citado.

Terceiro.- A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 emite informe favorable á concesión da autorización solicitada, poñéndoo en coñecemento da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade con data 13/10/15.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade é o órgano competente para o outorgamento, denegación e revogación das autorizacións a entidades de formación de persoal non médico para o manexo de desfibriladores externos, de conformidade co previsto no artigo 7.1 do Decreto 99/2005, do 21 de abril, polo que se regula a formación e o uso de desfibriladores externos por persoal non médico.

Segundo.- No procedemento de autorización observouse o previsto no Capítulo III do Decreto 99/2005, do 21 de abril, polo que se regula a formación e o uso de desfibriladores externos por persoal non médico.



Terceiro.- A solicitude reúne os requisitos previstos no artigo 6 do Decreto 99/2005, do 21 de abril, antes citado.

Tendo en conta os preceptos indicados, e demais de xeral e pertinente aplicación,

RESOLVO

Autorizar á entidade “**SANEA CONTROL, S.L.**” como entidade de formación de persoal non médico para o manexo de desfibriladores externos.

A presente autorización ten unha vixencia de dous anos, contados desde a data da presente resolución, de conformidade co previsto no artigo 10.1 do Decreto 99/2005, do 21 de abril.

A persente resolución non esgota a vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer no prazo dun mes recurso de alzada ante a conselleira de Sanidade, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tal como prevé o artigo 8 do Decreto 99/2005 antes citado.

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2015.

A secretaria xeral técnica



Josefina Monteagudo Romero